

Banda Sinfónica  
Municipal Ribadeo

Asociación Amadores da Música

# Aquí + Como En Viena

Martes 4, 8.30h da tarde  
Auditorio Municipal de Ribadeo

Banda Sinfónica  
Municipal de Ribadeo

Xaneiro 2005





Como cada ano por estas datas a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo (BSMR) preséntase perante o seu público para ofrecer o tradicional concerto de nadal. Coa humildade obvia, Aquí como en Viena, en Ribadeo dende 1993.

Sen necesidade de pagar billete convidámoslos a unha viaxe ao ritmo da nosa música. O que hoxe van escoitar faralles percorrer boa parte do mundo sen que teñan que erguerse dos seus asentos. Dende Ribadeo até Viena con todos os gastos á nosa conta, máis agora que nos tocou a lotería de nadal. Prepárense para soñar: vostedes poñan a imaxinación que nós poñemos a música.

Acomódense nas súas butacas que á viaxe vai comezar. Pilota a nave o director da municipal ribadense, don Lourenço Cruz.

A ritmo de Caballería Ligera poñemos rumbo a terras de Oriente. Detémonos en Israel, na busca da paz entre dous pobos. E facémolo coa música de Rikudim, catro danzas nas cais van poder observar compases un tanto raros... E marchamos, ogallá que o fagamos cun regueiro de paz ás costas, do cálido deserto do Neguev para achegarnos á Europa do norte coa marcialidade da Pompa e Circunstancia nº IV. Este roce coa medida e a tranquilidade inglesa permítenos afrontar sen tensión a nosa cita coa fría Rusia. A temperatura vai subindo a medida que Tom Cruise e Nicole Kidman van achegando os seus corpos espidos ao ritmo do Segundo Vals, obra que formou parte da banda sonora do último filme de Kubrick, Eyes wide shut. E logo da subida de adrenalina provocada pola situación e como é obvio nestas datas seguimos a nosa viaxe dirección Viena. Ao pé do Danubio agardan por nós as mozas vienesas, cos seus pomposos traxes de festa, e os galantes cabaleiros, co traxe de oficial, para convidarnos a bailar a tempo de valse. Olas del Danubio e o Danubio Azul é o repertorio que nos ofrecen para entrar co bo pé no ano novo. A nosa viaxe toca á súa fin e o momento de espertar do soño no que están sumidos achégase. Vostedes poñen o ritmo coas súas palmas mentres nós damos conta dos compases da Marcha Radetzky. A viaxe

deste ano rematou pero agardamos velos dentro de doce meses preparados para partir de novo.

Até entón, en nome de tod@s e cada un dos que formamos a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo (BSMR), que o ano 2005 traía consigo paz e felicidade e que nel se fagan realidade todos os seus soños.

Suso López é trompeta da BSMR.

## PROGRAMA

### I (Grupo de Metales)

Dirixe: Marcos Rodríguez

|                       |               |
|-----------------------|---------------|
| LA MOURISQUE .....    | Tylman Susato |
| PAVANE BATAILLE ..... | Tylman Susato |

### II (Banda de Música)

|                             |                   |
|-----------------------------|-------------------|
| CABALLERÍA LIGERA .....     | F. Von Suppè      |
| RIKUDIM .....               | Jan Van der Roost |
| OLAS DEL DANUBIO .....      | J. Ivanovici      |
| POMPA Y CIRCUNSTANCIA ..... | E. Elgar          |
| DANUBIO AZUL .....          | J. Strauss        |
| THE SECOND WALTZ .....      | D. Shostakovitch  |

DIRECTOR: Lourenço Cruz